

Concello de Oleiros

Servizo Municipal de Educación e Xuventude

CURSO 2020-2021

María José Santos Zas

Concelleira delegada de Ensino e Xuventude

m.santos@oleiros.org

Anxo Barreiros de la Torre

Pedagogo municipal

a.barreiros@oleiros.org

Jerónimo Díez Domínguez

Supervisor de ensino

j.diez@oleiros.org

Concepción Silvestre Antúnez

Administración

c.silvestre@oleiros.org

Concellería de Educación e Xuventude

Centro Cultural A Fábrica

Rúa do Inglés, 13

15172 Perillo – Oleiros

Teléfono: 981 636 598

ensino@oleiros.org; c.xuventude@oleiros.org

Concello de Oleiros

Limiar

1. Programas de actividades complementarias

1.1. Educación en valores

- 1.1.1. Programa de educación para a saúde e a prevención das adicións. PROMESA.
- 1.1.2. Programa de mediación. Obradoiro de mediación para profesorado e alumnado dos centros escolares.
- 1.1.3. Programa de alimentación saudable
- 1.1.4. Programa de educación para a igualdade de xénero e a educación afectivo-sexual

1.2. Educación ambiental

- 1.2.1. XXVI Aprendemos na natureza
- 1.2.2. Coñecer Oleiros / Contorna Oleiros
- 1.2.3. Un día en Galicia
- 1.2.4. Hortas escolares

1.3. Educación artística

- 1.3.1. Mostras pedagóxicas da Escola Municipal de Música e da Escola de Artes Escénicas
- 1.3.2. XX concertos pedagóxicos municipais

1.4. Educación viaria

2. Programa de reforzo e apoio escolar municipal: PRAEMO

3. Programación para as familias

4. Cadro resumo de programas e participantes

1. Programas de actividades complementarias

1.1. Educación en valores

1.1.1. Programa de prevención de adiccións. PROMESA

A educación para a saúde debe ser entendida como un proceso orientado ao uso de estratexias efectivas para axudar os individuos a adoptar ou modificar condutas que melloren a súa saúde. Tendo en conta isto, desde o Concello de Oleiros apostamos por un traballo desde idades temperás, polo que a nosa proposta comeza coas aulas de 5º de primaria, xa que nestas idades comézanse a configurar distintos aspectos da vida dos nenos e nenas que farán que se incremente ou non a posibilidade de consumos e adiccións en anos vindeiros. O obxectivo do traballo en primaria é o de fomentar e fortalecer a autoestima dos nenos e nenas.

Seguindo as dinámicas iniciadas no pasado curso escolar co obxecto de adaptarnos ás necesidades reais de cada centro, do alumnado, o programa tratará novos contidos, novos temas, á vez que poñeremos a disposición de cada centro un programa de apoio e intervención, naqueles grupos que ao voso entender, fose necesario traballar dun xeito máis individual e persoal, co fin de acadar os obxectivos marcados para cada nivel educativo.

➤ **Obxectivos xerais**

- Promover un estilo de vida saudable entre a poboación.
- Evitar ou, cando menos, retardar a idade do primeiro uso de substancias con capacidade aditiva, tanto legais como ilegais, nos rapaces e rapazas de Oleiros.
- Impedir a escalada no uso destas substancias, reducindo a frecuencia dos consumos ou as cantidades consumidas.
- Formar a pais e nais, así como os/as docentes, no desenvolvemento de hábitos saudables para que poidan actuar preventivamente.
- Formar un equipo docente encargado de introducir algúns dos programas nos centros educativos.
- Implantar o programa de mediación nos centros escolares de Oleiros, entendéndoa como base para a resolución pacífica dos conflitos e a convivencia.
- Informar e asesorar a comunidade en xeral, así como a colectivos específicos e as institucións sobre o fenómeno de consumo de drogas.

Concello de Oleiros

➤ Participantes

- O alumnado de 5º e 6º de primaria
- O alumnado de ESO, bacharelato e ciclos formativos
- O profesorado dos centros educativos

➤ Actividades

Acción	Curso	Contidos	Duración
A construción da nosa saúde	5º EP	<p>Módulo I. Eu e as miñas diferenzas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • As relacións persoais... • ... e a amizade • tempo libre–tempo ocupado <p>Módulo II. Emocións. Que decidimos? Como decidimos?:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A rabia invádenos! • Cooperamos 	4 sesións de 50´
Navegando na convivencia	6º EP	<p>Módulo I. Saúde</p> <ul style="list-style-type: none"> • Hábitos saudables: rapaces e rapazas <p>Módulo II. Convivencia:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Digo, dices, dicen! Dentro e fóra da Rede de redes: falemos • Sentes algo? Que é? Que facemos? • Grupo de iguais: quen decide? Como decide? <p>Módulo III. Malos contos: Drogas legais e “avatares” ocultos</p>	4 sesións de 50´
Destrezas fronte ás drogas	1º ESO	<p>Módulo I: Como me vexo? Como me ven?: relacións</p> <p>Módulo II. O bo rolo e o mal rolo:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Saber falar–saber escoitar: mirada, escoita activa, estilos comunicación,... ▪ Manexar tensión ▪ E ti, que propós? 	5 sesións de 50´
A vida secreta das miradas	2º ESO	<p>Módulo I: Unha mirada... unha palabra</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ As emocións das palabras ▪ Aagos e críticas: dar e recibir <p>Módulo II: As relacións cos outros e outras... “on-</p>	5 sesións de 50´

Concello de Oleiros

		<p>off line”</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Decido: como o fago? ▪ Un primeiro paso e os seguintes ata o final 	
Mozos e mozas: formas de selo	3º ESO	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Proxección dunha película. <p>Módulo I: Un/ha mesmo/a e os/as outros/as</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ - Vexo–penso-pregúntome <p>Módulo II: Que respondes?</p>	<p>1 película 120’ + 2 sesións de 50’</p>
E ti, que decides?	4º ESO	<p>Módulo I: As relacións...</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecéndonos a nós mesmos/as e os/as outros/as ▪ Espazos, tempos, as amizades e o grupo: necesitas “muletas”? ▪ Publicidade, na rede e fóra dela. <i>Fake news</i> <p>Módulo II: Dificultades e estratexias</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Temos a información e agora, que? ▪ A importancia das palabras... tamén “en liña” ▪ Como digo “non”? 	<p>4 sesións de 50’</p>
“A gota que colma o vaso”	Bach/ Ciclos Formativos	<p>Módulo I: Realidade grupal e persoal</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Relacións persoais. Necesitas “muletas”? ▪ Condución, lecer e tempo libre, sabes aburrirte? ▪ A condución, tomas as túas propias decisións? ▪ A noite, amizades-ligues-sexo? ▪ Drogas: alcol, cannabis... <p>Módulo II: Realidade comunitaria: que lles dirías?</p>	<p>2 sesións de 50’</p>

1.1.2. Programa de mediación

Programa de xestión e formación en mediación para profesorado e alumnado

➤ Introducción

O proceso da mediación é eminentemente educativo, fomenta o diálogo e a convivencia positivas entre as persoas, á vez que contribúe á transformación pacífica dos conflitos. Trátase dun proceso que impulsa a reconstrución e a construción de significados, convertendo as persoas en verdadeiras protagonistas da transformación nas relacións escolares e sociais. A vantaxe que ten un programa de mediación é que saca as persoas que interveñen nel do seu

Concello de Oleiros

rol pasivo ante os problemas de convivencia e posibilita a creación e mantemento dun clima social positivo.

➤ **Obxectivos xerais**

- Valorar positivamente os enfoques colaborativos como un modelo construtivo de resolución pacífica dos conflitos.
- Comprender os conflitos non resolto e o seu efecto.
- Aprender os trazos do acoso, o abuso e a prepotencia.
- Coñecer e estudar estratexias concretas de mediación en conflitos.
- Ensinar habilidades de cooperación.
- Recoñecer os nosos estilos de comunicación e como facilitan ou dificultan os procesos de mediación.
- Coñecer e adestrarse en habilidades básicas de comunicación que nos axude a mediar en conflitos.

➤ **Contidos**

- Para as aulas de 5º e 6º de primaria:

Módulo I: Os conflitos

- 1.1. Identificando os conflitos
- 1.2. Como me sinto ante un conflito.

Módulo II: A violencia

- 2.1. Recoñecendo a violencia
- 2.2. Actuando ante a violencia

Módulo III: A mediación escolar

- 3.1. Achegándonos á mediación

Módulo IV: Os superpoderes da mediación

- Para as aulas de 1º, 2º e 3º da ESO:

Módulo I: Os conflitos

- 1.1. Indagando no conflito
- 1.2. Afrontando os conflitos

Modulo II: A violencia

- 2.1. Recoñecendo a violencia

Módulo III: A mediación escolar

- 3.1. (Re)coñecendo a mediación

Módulo IV: necesidades e conflitos

- 4.1. Explorando necesidades
- 4.2. Activándonos ante o conflito

Concello de Oleiros

- Para as aulas de 4º ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos:

Módulo I: Os conflitos

- 1.3. Indagando no conflito
- 1.4. Afrontando os conflitos

Modulo II: A violencia

- 2.1. Recoñecendo a violencia

Módulo III: A Mediación escolar

- 3.2. (Re)coñecendo a mediación

Módulo IV: Necesidades e conflitos

- 4.1. Explorando necesidades
- 4.2. Activándonos ante o conflito

➤ **Destinatarias/os**

Profesorado dos centro públicos de ensino de Oleiros de EP e ES.

Alumnado de 5º e 6º de EP, ESO e bacharelato.

➤ **Lugar**

Nunha aula ou sala de reunións do propio centro.

➤ **Duración**

Cada módulo será inicialmente de dúas sesións de 50 minutos.

1.1.3 Programa de alimentación saudable

A vida sedentaria así como a mala alimentación son dous dos problemas da sociedade actual e sobre todo dos rapaces e rapazas. **Comida e saúde** é un programa a través do cal buscamos promover hábitos de vida saudable a nivel físico e emocional. Sentando así as bases do benestar do alumnado, baseándonos nas súas necesidades reais por riba de presións sociais, mediáticas e de mercado.

➤ **Obxectivos xerais**

- Promover valores, actitudes e hábitos que incidan nun modo de vida saudable e equilibrado tanto a nivel físico como emocional.
- Reflexionar sobre algúns hábitos de vida que poidan indicar un trastorno alimentario.

Concello de Oleiros

- Manter unha actitude crítica ante os estilos de vida como elementos condicionantes da saúde e determinados por factores culturais e sociais, vinculados ao consumo de alimentos de orixe industrial e precociñados.
- Recoñecer os beneficios da actividade deportiva, canto aos tres niveis da saúde: mental, físico e social.

➤ Participantes

O alumnado de 5º e 6º de EP, máis os 1º e 2º da ESO.

➤ Actividades

Acción	Curso	Contidos	Duración
Vida saudable	5º EP/ 1º ESO	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Concepto de “vida saudable” ▪ Concepto de “alimentación e nutrición” ▪ Alimentos e nutrientes: tipos de nutrientes e as súas funcións ▪ Os alimentos, tipos e clasificación ▪ A rolda dos alimentos ▪ Necesidades enerxéticas: a dieta equilibrada ▪ Mitos e fraudes sobre a alimentación. Os canons de beleza e o modelo imposto ▪ Os trastornos alimenticios 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3 sesións de 50’
Alimentación e deporte	6º EP/ 2º ESO	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Mitos sobre alimentación, mitos sobre actividade física ▪ Dieta equilibrada: alimentación, nutrición, pirámide NAOS ▪ Actividade física: deporte, sedentarismo, calidade de vida ▪ Hábitos saudables ▪ Hixiene postural ▪ Hábitos de alimentación ▪ Análises da actividade física, alimentación e descanso 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3 sesións de 50’

1.1.4 Programa de educación para a igualdade de xénero e a educación afectivo-sexual

❖ Educación afectivo -sexual: (Nós) Queremos (Nos)

Concello de Oleiros

A educación afectivo-sexual debe ser permanente e habitual polo que seguimos apostando por un programa necesario e fundamental no crecemento das persoas. Tendo presente esta idea, poñemos en marcha unha serie de accións que nos levan a ofertar o programa para o alumnado desde 5º e 6º de primaria.

O obxectivo fundamental do programa de educación afectivo-sexual é participar na construción dunha sociedade que axude a vivir a sexualidade dun xeito san e posibilitar a expresión libre das sexualidades individuais, dun xeito máis respectuoso e tolerante, así como máis igualitario entre os humanos.

➤ **Obxectivos xerais**

- Asumir actitudes naturais ante a sexualidade, entendéndoa como forma de comunicación humana, como fonte de saúde, pracer, afectividades...
- Analizar mitos e crenzas erróneas sobre a sexualidade.
- Ampliar e diversificar o concepto de “sexualidade” do alumnado, para poder entendela dun xeito global e como un aspecto inherente á persoa.
- Desenvolver a autoestima, asumindo unha identidade libre de elementos discriminatorios de xénero, e adquirindo as habilidades necesarias que lles permitan vivir a súa propia vida sexual de forma sa e responsable.
- Favorecer que o alumnado poida adoptar actitudes de igualdade, respecto e responsabilidade nas súas relacións.

➤ **Participantes**

- O alumnado de 5º e 6º de primaria
- O alumnado de ESO, bacharelato e CF

➤ **Actividades**

Acción	Curso	Sesións - obxectivos	Duración
	5º e 6º EP	<ul style="list-style-type: none">▪ Sentimentos e emocións. Autocoñecemento. Autovaloración. Autoestima▪ A empatía e o respecto.Relacións.	3 sesións de 50´.

Concello de Oleiros

Imaxe corporal e sexualidade		<p>Conflicto. Negociación. Asertividade. Estilos de comunicación</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Corpos, diversidade e autoaceptación. ▪ Imaxe corporal e sexualidade ▪ Deixando atrás a infancia!. A pubertade como proceso de mudanzas. As novas responsabilidades ▪ Diversidade sexual. Diversidade familiar. ▪ Bulling LGBTQI 	
	1º e 2º ESO	<ul style="list-style-type: none"> ▪ As sexualidades. Atracción e desexo. Mitos sobre as masculinidades e feminidades en atracción ▪ O amor e o namoramento. A atracción sexual. A comunicación é a negociación nas relacións. Características das relacións na adolescencia ▪ Actitudes en relación á violencia sexual ▪ A presión do grupo e as relacións entre iguais. A construción do concepto de virxindade. Diferenzas entre mozos e mozas. Desmontando os mitos. A asertividade como habilidade comunicativa ▪ A diversidade afectiva-sexual. Identidade de xénero vs orientación sexual. A saída do armario 	3 sesións de 50´.
	3º e 4º ESO	<ul style="list-style-type: none"> ▪ A noción de sexualidade. Conceptos e termos na adolescencia. O sistema da 	4 sesións de 50´.

Concello de Oleiros

<p>Sexualidade, sociedade e prevención</p>		<p>sexualidade, as súas dimensións e modelos</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Pensa, sente e comparte. Corpo e pracer: desexo, excitación e orgasmo; consultorio sexolóxico ▪ Arriscas ou gozas?. Métodos de prevención; o A, B, C das enfermidades de transmisión sexual; sen risco ▪ Presioning. Formas de dicir, “non”; presión de grupo e relacións entre mozas e mozos ▪ Diversidade sexual. Identidade versus orientación sexual ▪ O ciclo da excitación sexual. O coñecemento do noso corpo. O ciclo da excitación sexual. O orgasmo ▪ Relacións sen risco. Prevención e vías de transmisión ▪ A presión na parella e entre iguais. A asertividade e a liberdade de decidir. Estilos de comunicación na parella 	
	<p>1º e 2º BACH</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sexual (mente) ▪ O desexo. A paixón. As emocións. A erótica ▪ Riscos nas relacións. O consultorio ▪ Empatizar. Ponte no seu lugar ▪ A autoestima nas relacións afectivo-sexuais ▪ Responsabilidade nas relacións ▪ Os nosos dereitos sexuais e 	<p>4 sesións de 50’.</p>

Concello de Oleiros

		reprodutivos	
Sexualidade: mitos, tabús, riscos e prevención	1º e 2º BACH	<ul style="list-style-type: none">Proporcionar información sexual, para evitar mitos e tabús que poidan favorecer a adopción de condutas de risco. Diminuír o risco de ETS e SIDA	Charla de 50´.

❖ **Igualdade de xénero: + igualdade.**

O proceso de socialización ten lugar desde a infancia a través de diferentes axentes que modelan a nosa identidade. Neste proceso interiorízanse actitudes, roles e constrúense atribucións de xénero sobre as persoas. As diferenzas que se marcan sobre os dous sexos convértense a maioría das veces en desigualdade.

Esta iniciativa de intervención educativa en materia de igualdade ten como obxectivo principal formar criticamente o alumnado para medrar, desenvolverse e relacionarse plenamente sen prexuízos e estereotipos sexistas.

Tendo en conta isto, este programa está encamiñado ao alumnado de 5º e 6º de primaria, ESO e bacharelato, co que pretendemos afianzar dun xeito máis concreto os valores de igualdade e tolerancia que traballamos ao longo do curso escolar coa proposta de actividades complementarias.

➤ **Obxectivos xerais**

- Fomentar que o alumnado reflexione, comprenda e asimile os coñecementos tratados no programa.
- Percibir e cuestionar o modelo masculino dominante e identificar as desigualdades entre as mulleres e os homes, tomando conciencia da discriminación sexista que aínda persiste na sociedade.
- Ofrecer ao alumnado un clima de relacións persoais no que favoreza o coñecemento de si mesmo e a súa autoestima. Para poder afirmarse fronte a outros e asumir formas particulares de sentir, pensar e de construír a súa propia identidade sexual e persoal, sen discriminación.

Concello de Oleiros

- Contextualizar e comprender a natureza do problema da violencia de xénero, como comeza e como evoluciona e o dano que produce a todas as persoas que conviven con ela sen facer nada por evitalo.

➤ Participantes

- Alumnado de 5º e 6º de primaria
- Alumnado de ESO e bacharelato, CF

➤ Actividades

Acción	Curso	Contidos	Duración
Identidade de xénero. Corresponsabilidade no fogar	5º EP	1. Sexo e xénero. Roles e estereotipos de xénero tradicionais. Identidade de xénero. Novas masculinidades e feminidade non estereotipada 2. Roles e estereotipos que vemos na televisión en nas plataformas audiovisuais 3.A corresponsabilidade. Roles de xénero. O valor do traballo doméstico	▪ 3 sesións de 50`.
	6º EP	1. Sexo e xénero. Estereotipos de xénero. Socialización no xénero. Os micromachismos. 2. Os micromachismos nos mass media. Sexismo. 3. A corresponsabilidade e novas masculinidades.	3 sesións de 50`
O papel dos mass-media. A promoción das relacións igualitarias	1º ESO	1. Os mass media. Estereotipos e roles. A linguaxe que nos constrúe. 2. Estereotipos de roles de xénero. Micromachismos. Novas masculinidades. Formas sutís de control. Relacións de parella tóxicas vs relacións de parella saudables. ▪ 3. Estereotipos e roles de xénero. Redes sociais e plataformas dixitais. Sexismo.	3 sesións de 50`

Concello de Oleiros

	2º ESO	<p>1.Desigualdade de xénero. Violencia de xénero. Tipos de violencia de xénero. Relacións afectivo-sexuais.</p> <p>2.Violencia de xénero. Ciberviolencia de xénero. Redes sociais. Actitudes controladoras. Relacións tóxicas vs relacións saudables. Sexting.</p> <p>3.Violencia de xénero. O ciclo da violencia. Ciberviolencia. Relacións tóxicas vs relacións saudables</p>	3 sesións de 50`
O amor, a comunicación de parella e a resolución pacífica dos conflitos	3º e 4º ESO	<p>1. O amor. Desmitificación de ideas do amor romántico. O control no uso das redes sociais e a sobreexposición das relacións afectivas a través das redes.</p> <p>2. Mitos do amor romántico.</p> <p>3. Resolución de conflitos. Comunicación e negociación. Estratexias e ferramentas de resolución de conflitos. Estilos comunicativos</p>	3 sesións de 50`.
Desmontando a violencia de xénero.	1º BACH	<p>1.Violencia de xénero. Relacións afectivo sexuais. Mitos ao redor da violencia de xénero.</p> <p>2. Violencia psicolóxica. Relacións tóxicas vs relacións saudables. Os cambios na personalidade da vítima e a perda de identidade.</p> <p>3.Violencia sexual. Os micromachismos</p>	3 sesións de 50`.
	2º BACH	<p>1. A violencia de xénero como proceso. Relacións afectivo-sexuais. Os celos e o amor</p> <p>2. Identificación das primeiras manifestacións da violencia de xénero entre parellas novas. Os mecanismos sutís da violencia de xénero</p> <p>3. Distintos modelos de parella. O</p>	3 sesións de 50`

	ideal romántico. Conflictos nas relacións afectivo-sexuais. Ferramentas e estratexias de resolución de conflitos	
--	--	--

1.2 Educación ambiental

1.2.1 XXVI Aprendemos na natureza

A mellor aula de aprendizaxe é o propio medio natural onde desenvolvemos as nosas vidas. Cumprimos e celebramos con todos e todas vós estes vinte e seis anos de experiencias únicas, de aprendizaxes vivas desde o medio natural e cultural cos centros de ensino públicos de Oleiros. Desde o inicio do programa ata hoxe xa foron moitos os destinos elixidos e o alumnado participante cos seus respectivos mestres e mestras a zonas do país cun alto interese natural, histórico, artístico, xeográfico, económico ou etnográfico, e algunha zona a cabalo entre Galicia e Asturias ou León

➤ Obxectivos

- Descubrir as características máis definidoras a nivel natural, social e cultural de cada lugar.
- Promover a convivencia e a socialización do grupo nun ambiente aberto.
- Abrir e posibilitar o profesorado novos xeitos de ensinar en contacto directo co medio natural.
- Fomentar a autonomía e o desenvolvemento persoal dos nenos e nenas, fóra do ámbito familiar e escolar.

➤ Actividades

As peculiaridades de cada zona fan moi recomendable a realización de rutas para o gozo e estudo da contorna.

Realizaranse xogos de simulación e descuberta ambiental para a mellor comprensión das características de cada zona.

Obradoiros de natureza, visitas de interese e dinámicas de grupo.

➤ Participantes

Alumnado de educación primaria, ESO, bacharelato e ciclos formativos dos centros de ensino públicos de Oleiros.

Concello de Oleiros

Profesorado dos niveis participantes.

➤ Educadores/as ambientais

Ademais do profesorado que a normativa obriga, as excursións estarán guiadas por educadores e educadoras profesionais, con ampla experiencia.

➤ Solicitude de excursión

Como norma xeral, cada centro poderá escoller unha excursión como máximo a calquera dos destinos abaixo sinalados

Excursión	Curso recomendado	Centros de interese	Duración recomendada
Fragas do Eume (30 prazas)	1º, 2º, 3º, e 4º EP primaria	Actividades de turismo cultural, obradoiros, horto ecolóxico, sendeirismo, enerxías renovables, vila de Pontedeume	Dous ou tres días, en tempo lectivo
Serra do Courel (27 prazas)	5º e 6º de EP, ESO	Sendeirismo e xogos ambientais por esta marabillosa montaña luguesa	Tres días, en tempo lectivo

Información complementaria:

Excursións recomendadas para o alumnado de educación primaria:

➤ Fragas do Eume

- **Aloxamento:** Albergue de Alvarella, en Vilarmaior (Pontedeume), A Coruña.
- Actividades de turismo cultural, obradoiros ambientais, horto ecolóxico, sendeirismo polas Fragas do Eume, enerxías renovables, e a estancia nun albergue de xestión sostible
- **Datas:** a determinar coas aulas participantes
- **Duración recomendada:** dous días cunha noite, en tempo lectivo aínda que se podería programar unha actividade de tres días
- **Prazas:** 30, incluído o profesorado acompañante

Excursións recomendadas para 5º e 6º de educación primaria e secundaria

Concello de Oleiros

➤ Serra do Courel

- **Aloxamento:** Bungalows no acampamento O Courel, en Folgoso do Courel, Lugo.
- Visitas ao Cebreiro, ruta pola Devesa da Rogueira, camiñando polas montañas, atopando as aldeas da Seara, Seceda e Froxán, a ferverza de Vieiros e moito máis por descubrir
- **Datas:** a concretar cos colexios participantes
- **Duración recomendada:** tres días con dúas noites, en tempo lectivo
- **Prazas:** 27, incluído o profesorado acompañante

1.2.2 Coñecer Oleiros / Contorna Oleiros

Do máis próximo ao máis afastado. Así naceu e se reproduciu durante máis de trinta anos este programa de educación ambiental que tan bos resultados pedagóxicos e vivenciais está a dar. Iremos cultivando e adaptando cada ano as rutas e as actividades para facelas o máis atractivas e educativas posible, sempre contando coa colaboración e suxestións do profesorado, do alumnado e dos/as educadores/as.

➤ **Obxectivos**

- Promover a convivencia e a socialización do grupo fóra do ámbito da escola.
- Abrir e posibilitar ao profesorado novos xeitos de ensinar en contacto directo co noso medio local e comarcal
- Coñecer de preto a nosa contorna, dun xeito ameno

➤ **Participantes**

Alumnado da educación infantil, primaria e secundaria dos centros públicos de Oleiros

➤ **Educadores/as ambientais**

Ademais do profesorado que a normativa vixente obriga, as saídas estarán guiadas por educadores e educadoras profesionais

➤ **Datas**

En horario lectivo, durante o curso escolar, a concertar coas aulas solicitante

Concello de Oleiros

➤ Solicitude de excursión

Como norma xeral, cada centro poderá escoller unha excursión como máximo a calquera dos destinos abaixo sinalados.

Ruta	Curso	Centros de interese	Duración Recomendada
1.Santa Cristina e a ría	El, 1º e 2º EP	Dique de Sta. Cristina - mural Correa Corredoira – paseo marítimo – piñeiral – dunas – ría – parque José Martí	9:00 a 14:00 h
2. O castelo e a illa de Santa Cruz	El, 1º e 2º EP	Parque Luís Seoane- paseo da Pardela – castelo – paseo marítimo – praia – rúa de Chesco – centro cívico	9:00 a 14:00 h
3. A lagoa de Mera e a súa contorna	El, 1º e 2º EP	Praia do Portelo – capela de Sta. Ana e miradoiro – lagoa e praia de Mera – paseo de Penatouro – praia de Españeiro	9:00 a 14:00 h
4. O Bosque dos Veciños de Bastiagueiro	El, 1º e 2º EP	Souto de Vista Alegre – Lóngora – carril bici – paseo marítimo	9:00 a 14:00 h
5. A Finca da Carballeira	El, 1º e 4º EP	Finca da Carballeira e contorno - Pazo da Carballeira - capela de S. Marcos	9:00 a 14:00 h
6. Do doce ao salgado	3º e 4º EP	Rotonda de Bastiagueiro – paseo marítimo – Casa da Silva – rúa Mioporos – carril bici – rúa O Polvorín – paseo marítimo – dunas e ría – parque José Martí	9:00 a 14:00 h
7.A Costa de Santa Cruz	3º e 4º EP	Parque As Galeras – senda costeira de Santa Cruz – paseo da Pardela – porto de Santa Cruz – parque Luís Seoane	9:00 a 14:00 h
8. O	3º a 6º de EP/	Aula do Mar - cruce de Canabal –	De 9:00 a 14:00 h

Concello de Oleiros

Monumento Natural	ESO /BACH	Canabal – alto do Seixo Branco – Buínte – Dexo – igrexa románica de Dexo	ou de 9:00 a 17:00 h para secundaria
9. A beira do Mero	5º e 6º EP/ ESO/ BACH	Igrexa románica - museo romano - paseo fluvial – muíños - casa de Wenceslao Fernández Flórez	De 9:00 a 14:00 h ou de 9:00 a 17:00 h para secundaria
10. Oleiros desde A Coruña	5º e 6º EP/ ESO/ BACH	Castelo de San Antón – San Amaro e Durmideiras – Parque das esculturas de Punta Herminia - Torre de Hércules	De 9:00 a 14:00 h ou de 9:00 a 17:00 h para secundaria
11. O Pazo de Mariñán e a ría de Betanzos	5º e 6º EP/ ESO/ BACH	Praia e ponte do Pedrido- Pazo de Mariñán-Observatorio de aves da ría de Betanzos	De 9:00 a 14:00 h ou de 9:00 a 17:00 h para secundaria
12. Barrañán e a Fraga de Sisalde	5º e 6º EP/ ESO/ BACH	Fraga de Sisalde-Monte das Cartas- Muíño dos Zapata-igrexario de Barrañán- praia de Barrañán	De 9:00 a 14:00 h ou de 9:00 a 17:00 h para secundaria
13. Cecebre	5º e 6º EP/ ESO/ BACH	centro de interpretación - encoro - observatorio de aves - Espazo Natural Protexido -Casa de Wenceslao Fernández Flórez - literatura e natureza	De 9:00 a 14:00 ou de 9:00 a 17:00 para secundaria
14. Monte Xalo	5º e 6º EP/ ESO/ BACH	Monte Xalo - sendas e rutas de sendeirismo - muíños de auga -aldea de Celas- torre de Celas	De 9:00 a 14:00 h ou de 9:00 a 17:00 h para secundaria

Información complementaria. Fichas das rutas:

➤ 1. Sta. Cristina e a ría

- **Itinerario e dificultade:** dique de Sta. Cristina- mural Correo Corredoira – paseo marítimo – piñeiral – dunas – ría – parque José Martí.
- Dificultade baixa.
- **Temas a desenvolver:** Baía e illa de Sta. Cristina - Mural - A praia, as dunas, a vexetación, a ría e as súa riqueza - A pesca e o marisqueo - O parque -As mareas.

Concello de Oleiros

- **Actividades:** itinerario guiado de interpretación ambiental, xogos de animación, xogos de interpretación, observación de fauna e flora.
- **Equipamentos:** parque municipal con lavabos, centro cultural A Fábrica e recursos a cuberto.
- **Materiais didácticos:** pequeno disporama e guías varias.

➤ 2. O Castelo e a illa

- **Itinerario e dificultade:** parque Luís Seoane - paseo da Pardela – castelo – paseo marítimo – praia – rúa de Chesco – centro cívico
- Dificultade baixa.
- **Temas a desenvolver:** O parque e as súas árbores - Aves acuáticas e mariñas -A praia e o porto - O castelo de Santa Cruz e os seus xardíns e contorno.
- **Actividades: itinerario guiado** de interpretación ambiental, xogos de animación, xogos de interpretación, observación de fauna e flora.
- **Equipamentos:** parque municipal, recursos cubertos con lavabos.
- **Materiais didácticos:** pequeno disporama e guías varias.

➤ 3. A lagoa de Mera e a súa contorna

- **Itinerario e dificultade:** praia do Portelo – capela de Sta. Ana e miradoiro – lagoa e praia de Mera – paseo de Penatouro – praia de Espiñeiro.
- Dificultade baixa.
- **Temas a desenvolver:** Aves da lagoa - Plantas acuáticas - Árbores do parque - A vida na area e nos cantís - A telleira - As mareas e a costa - Os barcos de pesca e de mercadorías - Os novos paseos e o lixo que cuspe o mar.
- **Actividades: itinerario guiado** de interpretación ambiental, xogos de animación, xogos de interpretación, murais con elementos naturais, ecovixías da praia.
- **Equipamentos:** centro cultural.
- **Materiais didácticos** guías de campo, prismáticos e telescopio, fichas didácticas, material de xogos na natureza e contos.

➤ 4. O Bosque dos Veciños, Bastiagueiro

- **Itinerario e dificultade:** souto de Vista Alegre – Lóngora – carril bici – paseo marítimo.
- Dificultade baixa.

Concello de Oleiros

- **Temas a desenvolver:** O bosque autóctono, conservación e tradicións... - A dinámica dos bosques - Río e vexetación de ribeira - O carril bici - Praia: os usos da praia, aves, vexetación, contaminación e estudo intermareal.
- **Actividades:** **itinerario guiado** de interpretación ambiental, xogos de animación, conto de investigación, xogos de interpretación, observación de flora e fauna, calco de follas.
- **Equipamentos:** senda peonil.
- **Materiais didácticos:** guías de campo, prismáticos e telescopio, fichas didácticas, material de xogos na natureza e botes de observación.

➤ 5. A Finca da Carballeira

- **Itinerario e dificultade:** Pazo da Carballeira- viveiro forestal municipal.
- Dificultade baixa.
- **Temas a desenvolver:** Os bosques e a súa fauna, flora, formación, contaminación e usos - Ornamentación vexetal: plantas, arbustos, árbores - Finca da Carballeira: historia, instalacións, e usos- Juana de Vega: unha muller liberal.
- **Actividades:** **itinerario guiado** de interpretación ambiental, observación de especies vexetais, plantación e sementeira.
- **Equipamentos:** recursos culturais a cuberto con lavabos.
- **Materiais didácticos:** proxección, fichas actividade, folleto informativo, guías de campo, prismáticos e material de xardinería.

➤ 6. Do doce ao salgado

- **Itinerario e dificultade:** rotonda de Bastiagueiro – paseo marítimo – Casa da Silva – rúa Mioporos – carril bici – rúa O Polvorín – paseo marítimo – dunas e ría – parque José Martí.
- Dificultade baixa.
- **Temas a desenvolver:** A praia: aves, vexetación, contaminación, intermareal, e usos - Río e vexetación de ribeira - Contorno da Finca da Silva - O carril bici - O mural - As dunas - A ría: aves, vexetación, fauna, contaminación, salubridade, recursos.
- **Actividades:** **itinerario guiado** de interpretación ambiental, xogos de animación, xogos de interpretación, observación de fauna e flora, pequeno estudo de zonación.
- **Materiais didácticos:** proxección, fichas de actividade, folleto informativo, guías de campo, prismáticos e lupas.

Concello de Oleiros

➤ 7. A Costa de Santa Cruz

- **Itinerario e dificultade:** parque As Galeras – senda costeira de Sta. Cruz – paseo da Pardela – porto de Sta. Cruz – parque Luís Seoane.
- Dificultade baixa.
- **Temas a desenvolver:** A vida nas pozas - A dinámica das mareas - A paisaxe costeira - A vida nos cantís - Un castelo para defender o medio - A vida mariñeira - As viaxes alén do mar.
- **Actividades:** **itinerario guiado** de interpretación ambiental, investigación nas pozas, xogos na area, calco de follas.
- **Equipamentos:** centros culturais a cuberto con lavabos.
- **Materiais didácticos:** guías de campo, prismáticos e telescopio, fichas didácticas, material de xogos na natureza e botes de observación.

➤ 8. O Monumento Natural

- **Itinerario e dificultade:** Aula do Mar - cruce de Canabal – Canabal – alto do Seixo Branco – Buínte – Dexo – igrexa románica de Dexo.
- Dificultade media-alta.
- **Temas a desenvolver:** Tipos de espazos naturais protexidos - Actividades compatibles - O Monumento Natural de Dexo, historia, importancia e características - A paisaxe costeira, as furnas - Vexetación costeira e de interior - Colonias de aves, cantís - A pesca tradicional.
- **Actividades:** itinerario guiado de interpretación ambiental, xogos de animación, xogos de interpretación, observación de fauna e flora, visita á igrexa de Dexo.
- **Equipamentos:** recursos de interpretación ambiental con lavabos.
- **Materiais didácticos:** proxección, fichas de actividade, folleto informativo, guías e prismáticos.

➤ 9. Contorna Oleiros : Á beira do Mero

- **Itinerario:** Cambre - igrexa románica - museo romano - paseo fluvial - casa de Wenceslao Fernández Flórez – Cambre.
- Dificultade media-baixa.

Concello de Oleiros

- **Temas a desenvolver:** arte románico- romanización- bosque de ribeira- “O bosque animado”- a intervención do home no medio natural, industrias e contaminación das augas- etnografía- recuperación dos edificios.
- **Actividades:** itinerario guiado de interpretación ambiental, xogos de animación, xogos de interpretación, observación de flora e fauna, visita guiada ao museo...
- **Equipamentos:** museo arqueolóxico de Cambre- Casa museo Wenceslao Fernández Flórez.
- **Materiais didácticos:** fichas de actividade, tríptico informativo, guías, telescopios e prismáticos.

➤ 10. Contorna Oleiros: Oleiros desde Coruña

- **Itinerario e dificultade:** Castelo de San Antón – San Amaro e Adormideiras – parque das esculturas de Punta Herminia - Torre de Hércules
- **Dificultade:** baixa.
- **Temas a desenvolver:** Ría da Coruña - A defensa da ría: castelos da ría (castelo de Santa Cruz - castelo de Santo Antón) – Paisaxe da Costa de Oleiros desde A Coruña – Os faros da ría: a Torre de Hércules e os Faros de Mera.
- **Actividades:** itinerario guiado de interpretación ambiental, xogos de animación e interpretación, observación de fauna e flora, orientación e identificación de elementos da paisaxe de Oleiros.
- **Equipamentos:** Torre de Hércules, castelo de San Antón, Fundación Luís Seoane
- **Materiais didácticos:** pequeno disporama e guías varias.

➤ 11. Contorna Oleiros: O Pazo de Mariñán e ría de Betanzos (Bergondo)

- **Itinerario e dificultade:** praia e ponte do Pedrido - Pazo de Mariñán -Observatorio de aves da ría de Betanzos.
- Dificultade media-baixa.
- **Temas a desenvolver:** un pazo de todos, árbores senlleiras do mundo, os nosos bosques e froiteiras, espazo protexido con moita diversidade para conservar e gozar, as paisaxes cambiantes da ría, a natureza e a arte da man, un lugar para observar aves.
- **Actividades:** itinerario ambiental, observación de aves acuáticas, calcos de follas, xogos de animación, xogo de pistas, obradoiro de paisaxes.
- **Equipamentos:** Pazo de Mariñán, área de lecer didáctico do Pedrido, roteiro mariñán, observatorio de aves.

Concello de Oleiros

- **Materiais didácticos:** folleto didáctico, cadernos didácticos do Mandeo, guías de campo, láminas das árbores senlleiras, prismáticos, telescopios, xogo da oca do bosque, material de xogos.
- **12. Contorna Oleiros : A Costa de Barrañán e Sisalde**
- **Itinerario e dificultade:** A Ponte- Os Boedos - Fraga de Sisalde - Monte das Cartas - Muíño dos Zapata - Igrexario de Barrañán - praia de Barrañán.
 - Dificultade media-baixa. Itinerario circular de 3-4 quilómetros.
 - **Temas a desenvolver:** praia con cordón de dunas ben conservado - pequenos e grandes muíños de regato - paisaxe agraria tradicional, sendas peonís e pasarelas que axudan a coñecer e conservar o medio- bosques de ribeira- carrizais e fragas extensas e diversas - unha depuradora para non contaminar - punto de encontro das augas doces e o mar salgado - espazos e especies protexidas- grande diversidade de aves e outra fauna.
 - **Actividades:** itinerario ambiental, observación de aves acuáticas, calcos de follas do bosque de ribeira, pequeno estudo da calidade ambiental do río, xogos de animación.
 - **Equipamentos:** roteiro sinalizado con paneis, muíño dos Zapata, senda peonil e pasarela sobre e cordón de dunas.
 - **Materiais didácticos:** folleto didáctico, guías de campo, prismáticos, telescopios, claves de identificación de especies, equipo de estudo do río, material de xogos.
- **13. Contorna Oleiros: Cecebre**
- **Itinerario e dificultade:** centro de interpretación – roteiro Crendes – observatorio – casa Wenceslao Fernández Flórez
 - Dificultade media-alta
 - **Centros de interese:** centro de interpretación , encoro ,observatorio de aves , Espazo Natural Protexido ,Casa de Wenceslao Fernández Flórez , encoros , aves acuáticas , vexetación de ribeira , autóctono-foráneo , espazos naturais protexidos , contexto comarcal: concellos e mancomunidades , literatura e natureza.
 - **Temas a desenvolver:** Encoros- Aves acuáticas- Vexetación de ribeira Bosque autóctono e foráneo- Espazos Naturais Protexidos- Contexto Comarcal : Concellos e mancomunidades-Literatura e natureza.

Concello de Oleiros

- **Actividades:** itinerario guiado de interpretación ambiental, xogos de animación, xogos de interpretación, observación de fauna e flora, visita ao centro de interpretación, visita á Casa de Wenceslao Fernández Flórez.
- **Equipamentos:** Centro de Interpretación de Crendes, casa museo de Wenceslao F. Flórez.
- **Materiais didácticos:** proxección, fichas de actividade, folleto informativo, guías e prismáticos.

➤ 14.- Contorna Oleiros : Monte Xalo

- **Duración:** de 9.00 h a 18.00 h.
- **Itinerario e dificultade:** monte Xalo- roteiro fluvial dos muíños – Celas – torre de Celas.
- Dificultade media-alta.
- **Centros de interese:** Monte Xalo, sendas e rutas de sendeirismo, muíños de auga ,aldea de Celas, torre de Celas.
- **Temas a desenvolver:** O monte en Galicia, os seus usos e protección, o abandono, actividades ao aire libre, a riqueza da paisaxe- As industrias e a contaminación- O río , flora e fauna, riqueza e recursos- Os muíños: historia e usos –Etnografía-Recuperación de edificios-Desenvolvemento sostible.
- **Actividades:** itinerario guiado de interpretación ambiental, xogos de animación, xogos de interpretación, observación de fauna e flora.
- **Equipamentos:** muíños, torre de celas, zonas cubertas e con aseos.
- **Materiais didácticos:** proxección, fichas de actividade, folleto informativo, guías, telescopios e prismáticos.

1.2.3 Un día en Galicia

Propoñemos este programa para ampliar a perspectiva e o coñecemento sobre o noso país, a súa historia, a súa cultura e as súas xentes.

Pretendemos, tamén, completar de forma graduada o achegamento dos nenos e nenas ao seu contorno, desde o máis inmediato ata o máis afastado (a súa parroquia, o seu concello, os concellos limítrofes, a súa provincia, o seu país, o mundo...), coa intención de axudar a entender que formamos parte dun mundo diverso, marabilloso, e que merece a pena coñecer.

Para iso, sairemos de viaxe cedo, ao chegar ás aulas, para mergullarnos durante todo un día de viaxe por lugares tan recónditos como achegados xeograficamente, chegando de novo ao colexio aló pola tardiña.

Concello de Oleiros

Está no noso ánimo,achegar esas “vilas” que aínda viven dentro das “ciudades”,aos nosos nenos e ás nosas nenas, e investigar na Galicia pasada para entender, un pouco máis se cabe, esta Galicia presente.

Xa que entendemos que a educación tamén é cuestión de perspectiva.

➤ **Obxectivos**

- Descubrir as características máis definidoras a nivel natural, social e cultural de cada lugar.
- Promover a convivencia e a socialización do grupo,fóra do colexio.
- Ampliar o coñecemento dun contorno inmediato desde outras perspectivas.
- Abrir e posibilitar ao profesorado novos xeitos de ensinar en contacto directo co medio vital.

➤ **Actividades**

- Visitas guiadas e rutas interpretativas.
- Dinámicas de grupos e xogos de descuberta ambiental do contorno.
- Obradoiros e actividades de coñecemento do medio.
- Actos culturais.

➤ **Participantes**

- Alumnado de 3º ciclo de EP, ESO, bacharelato e ciclos formativos dos centros de ensino públicos de Oleiros.

➤ **Educadores/as ambientais**

- Ademais do profesorado que a normativa obriga, as excursións estarán guiadas por educadores/as e intérpretes ambientais profesionais.

Ruta	Curso	Centros de interese	Duración
A Costa da Morte	5º e 6º de EP, ESO e BACH.	Malpica, Laxe, o castro de Borneiro, o dolmen de Dombate, e Fisterra, e observar as aves e a riqueza da beiramar	9:00 a 20:00

Concello de Oleiros

Pontedeume dos Andrade	5º e 6º de EP, ESO e BACH.	Coñecer unha gran vila medieval de Galicia, as súas rúas, mosteiros, castelos, a ribeira do Eume	9:00 a 20:00
Lucus Augusti	5º e 6º de EP, ESO e BACH.	A muralla de Lugo, a gran vila medieval, un dos centros neurálxicos da romanización en Galicia, as súas rúas, igrexas, museos	9:00 a 20:00
A Terra Chá	5º e 6º de EP, ESO e BACH.	Achegarse a unha comarca singular da man do poeta Manuel María, a Casa de Hortas, o río Miño, o castro de Viladonga, a lagoa de Cospeito e ver mans artesáns traballando a olería de Bonxe	9:00 a 20:00

1.2.4 Hortas escolares

A horta escolar constitúe un recurso educativo moi importante, dado o potencial de contidos pedagóxicos que se poden chegar a tratar na súa realización.

Na constitución da horta escolar van prevalecer os criterios pedagóxicos sobre os agrícolas. Trátase dunha aula - parcela na que cultivamos a vida natural sen aditivos nocivos. É como un espazo dentro da escola no que imos tratar unha serie de contidos encamiñados a desenvolver as capacidades dos nenos e das nenas.

➤ Obxectivos

- Desenvolver as capacidades de investigación e exploración na horta.
- Estimular a capacidade de comunicación e sociabilidade do alumnado do grupo de alumnos e alumnas.
- Fomentar o recoñecemento dos cultivos e sementes.
- Realizar a colleita, completando o proceso, levando cada quen para a súa casa o cultivado.

Concello de Oleiros

➤ Participantes

- Aulas de educación infantil de 0-3 anos das escolas: A Pardela nos Regos, As Galeras en Bastiagueiro, A Canteira en Perillo e A Braña en Mera.
- Ademais das aulas de infantil de 3-5 anos e 1º e 2º de primaria dos colexios: Luís Seoane, A Rabadeira, Isidro Parga Pondal, Ramón María del Valle Inclán e Juana de Vega.
- Valorarase a participación de 3º e 4º en función das solicitudes recibidas previamente polos centros educativos.

➤ Duración

Realizarase unha sesión de 50 minutos á semana por aula participante.

➤ Datas

As sesións celebraranse ao longo de todo o curso escolar.

➤ Educadores/as ambientais

A actividade hortas escolares está dirixida por educadores especialistas en cultivos hortícolas.

Curso	Centros de interese	Duración
Aulas de 3º, 4º, 5º e 6º de infantil, e de 1º e 2º de EP	Sementar, traspasar, coidar, recoller, aprender a cultivar alimentos sans.	Sesións de 50 min. á semana por aula participante.

1.3 Educación artística

1.3.1 **Mostras pedagóxicas Escola Municipal de Música e do Centro Municipal de Artes Escénicas (CEMAE): danza e teatro.**

1.3.1.1 **Agora, música !!!!**

Actividade enfocada para nenas e nenos entre 4 e 6 anos que cursan 5º e 6º de EI e 1º de EP, co cal pretendemos dar a coñecer a existencia da Escola Municipal de Música e as súas posibilidades artísticas, así como a metodoloxía utilizada na aula de música e movemento, e adiantarlles o que lles espera ao longo da súa vida musical e de que diferentes xeitos poden tomalo.

Concello de Oleiros

➤ **Obxectivos**

- Dar a coñecer diferentes instrumentos que poderán aprender na Escola.
- Dar a coñecer a metodoloxía da aula de música e movemento.
- Avaliar a “saúde musical do alumnado”.
- Ofrecer unha visión lúdica do estudo musical.
- A actividade desenvolverase estruturalmente en tres partes:
 - 1º) Identificar e coñecer os instrumentos que se poden estudar na Escola Municipal de Música.
 - 2º) 4 xogos para avaliar a “saúde musical”
 - Oído entoación
 - Pulso e ritmo
 - Independencia cerebral
 - Psicomotricidade músico-instrumental
 - 3º) Verbalización sobre a metodoloxía utilizada en música e movemento e a importancia de comezar un camiño artístico musical desde a nenez.

Participantes

Alumnado e profesorado de 5º e 6º de EI, e 1º de EP.

➤ **Temporalización**

Datas a concertar cos centros participantes.

➤ **Duración**

45 minutos / aula en horario lectivo.

➤ **Lugar**

Nun espazo multiusos do colexio.

1.3.1.2 Agora, danza !!!!

Co fin de promover a realización de actividades culturais e artísticas, así como a promoción das ensinanzas que se imparten na escola, propónse realizar unha mostra pedagóxica por curso escolar nos centros de ensino de Oleiros. Estas mostras serán levadas a cabo polos profesores da EMDO e incluírán a participación activa dos alumnos dos distintos colexios e institutos.

➤ **Obxectivos**

- Fomentar o coñecemento e apreciación da danza, iniciando os/as participantes desde os primeiros anos na súa aprendizaxe.

Concello de Oleiros

- Concienciar aos/ás participantes do papel da danza e as artes escénicas, como un elemento máis do noso tempo de lecer.
- Desenvolver as habilidades sociais dos/das participantes, por medio de actividades como a danza.
- Respectar, valorar e enriquecer a linguaxe corporal de cada participante.
- Sentir a música e a danza como elementos inseparables.
- Desenvolver a imaxinación e a creatividade a través da música e o movemento.
- Potenciar habilidades sociais, afectivas, favorecer a relacionarse con outras persoas.
- Ter capacidade de improvisación, vencer medos escénicos, perder a timidez.
- Fomentar na rapazada o interese pola participación en agrupacións de danza.
- Achegar a danza aos/ás participantes e promover as ensinanzas que se imparten na escola.

➤ **Desenvolvemento**

Desenvolverase unha clase de danza clásica nos Centros de Educación Infantil e Primaria onde o alumnado do centro poderá participar activamente. O número de alumnos/as e as idades ás que irá dirixida esta actividade decidirase de maneira coordinada co Concello de Oleiros, Dirección do Centro Educativo e a Dirección da Escola de Danza, sendo preferible o alumnado a partir dos 7 anos. Sempre que sexa posible, contarase co alumnado matriculado na EMDO e pertencente ao centro escolar onde se desenvolva esta mostra, para facilitar e animar a participar o resto de alumnado do Centro.

Por outro lado, nos Institutos de Educación Secundaria, e coa finalidade de promover a danza moderna e a participación en agrupacións de danza e a socialización en idades máis avanzadas, farase unha mostra de danza moderna/urbana, tamén coa participación activa do alumnado. Consistirá nunha primeira parte na que a profesora presentará cunha creación propia os distintos estilos e pouco a pouco, de maneira progresiva, invitará a participar o alumnado empezando coas técnicas máis básicas das distintas modalidades.

➤ **Participantes**

Alumnado e profesorado de educación primaria a partir de 2º de EP, e de ESO/bach e ciclos formativos.

➤ **Temporalización**

Concello de Oleiros

Datas a concertar cos centros participantes.

➤ **Duración**

45 minutos / aula en horario lectivo.

➤ **Lugar**

Nun espazo multiusos do centro escolar.

1.3.1.3 Agora, teatro !!!!

Co fin de promover a realización de actividades culturais e artísticas, así como a promoción das ensinanzas que se impartan na escola, proponse realizar unha mostra pedagóxica de Teatro por curso escolar nos centros de ensino de Oleiros. Estas mostras serán levadas a cabo polos profesores da EMUTO e incluírán a participación activa do alumnado dos distintos colexios e institutos.

➤ **Obxectivos**

E. Primaria

- Contextualizar a Escola de Teatro: explicando quen somos, que é unha escola de teatro e por que estamos alí.
- Iniciar os pequenos no mundo do teatro e da interpretación.
- Ensinarlles ferramentas útiles non só no eido do teatro, senón da vida, como a empatía ou a intelixencia emocional.
- Traballar a relación escénica con compañeiros e compañeiras.
- Ser capaces de desenvolver unha historia.
- Introducción ao concepto de dramaturxia.
- Mellorar a capacidade de traballar en grupo.

E. Secundaria

- Contextualizar a Escola de Teatro: explicando quen somos, que é unha escola de teatro e porqué estamos alí.
- Ser capaces de desenvolver unha historia. Introducción ao concepto de dramaturxia.
- Introducir ao alumnado nos conceptos de protagonista, antagonista, obxectivo e conflito.

Concello de Oleiros

- Desenvolver a escoita e a capacidade de reacción.
- Ensinarlles ferramentas útiles non só no eido do teatro senón da vida, como a empatía ou a intelixencia emocional.
- Iniciar os/as adolescentes no traballo de composición escénica.
- Mellorar a capacidade de traballar en grupo.

➤ **Contidos**

Primaria

- O traballo teatral nunha escola municipal
- Preparación previa a un ensaio ou clase de teatro
- A interpretación de situacións sinxelas
- O traballo en grupos
- A dramaturxia
- A cooperación e a súa importancia na actividade Teatral

Secundaria

- O traballo teatral nunha escola municipal
- Preparación previa a un ensaio ou clase de teatro
- O protagonista, antagonista, obxectivo e conflito
- A empatía e a intelixencia emocional
- O foco
- Exercicios de traballo en grupo

➤ **Actividades**

A intervención nos Centros de Ensino consistirá na celebración dunha sesión mestra dunha hora de duración na que se desenvolverían diferentes actividades teatrais coa fin de amosar o traballo feito na escola. O número de alumnos/as e as idades as que irá dirixida esta actividade decidirase de maneira coordinada co Concello de Oleiros, a Dirección do Centro Educativo e a Dirección da Escola de Teatro.

➤ **Participantes**

Alumnado e profesorado de educación primaria a partir de 2º de EP, e de ESO/bach e ciclos formativos.

➤ **Temporalización**

Concello de Oleiros

Datas a concertar cos centros participantes.

➤ **Duración**

1 h aprox / aula en horario lectivo.

➤ **Lugar**

Nun espazo multiusos do centro educativo

1.3.3 XX Concertos Pedagóxicos Municipais

➤ **Obxecto do concerto**

Amosar o relevante papel da música en xeral nas súas vertentes e estilos máis diversos, para xerar impresións, motivacións, sentimentos e reaccións como parte fundamental das representacións das artes escénicas.

➤ **Duración**

1 hora, aproximadamente/concerto

➤ **Espazo físico**

Auditorios municipais (Gabriel García Márquez e Centro Cultural A Fábrica)

➤ **Participantes**

Alumnos/as de educación primaria

➤ **Datas**

As representacións realizaranse preferentemente durante o primeiro trimestre do curso escolar, en datas que se coordinarán coas aulas participantes.

Acción	Destinatarias/os	Temporalización
Concertos musicais nos auditorios municipais (auditorio GGM Mera, auditorio de A Fábrica)	Aulas de EP	1 h aprox. / concerto

Concello de Oleiros

1.4 Programa de seguridade viaria

O programa de educación viaria ten como obxectivo xeral potenciar un comportamento cívico entre o alumnado participante á vez que intentar reducir situacións de risco viario do colectivo infantil e mozo. Tendo en conta isto, o programa está destinado, fundamentalmente, para o alumnado de educación infantil, primaria e secundaria onde se empregará material didáctico, acorde coas idades dos/das participantes coa finalidade de afianzar as normas de seguridade viaria e formar cidadáns e cidadás responsables.

➤ **Obxectivos xerais**

- Favorecer o desenvolvemento integral do alumnado, promovendo actitudes, coñecementos e estratexias que lles permitan afrontar a mobilidade en convivencia con todos/as os/as usuarios/as das vías públicas.
- Xerar hábitos de vida saudable e multiplicar valores e actitudes positivas ás persoas do seu entorno social e familiar.
- Adquirir actitudes e condutas responsables que propicien a toma de decisións axeitadas en diferentes situacións viarias.
- Incidir nos valores cívicos de solidariedade, tolerancia e respecto, en beneficio da mobilidade sostible e segura.
- Dar a coñecer a amplitude do drama para que o alumnado sexa primeiro elo para transmitir mensaxes.
- Sensibilizar a poboación, en xeral, a través do alumnado sobre as causas dos accidentes de tráfico e as súas consecuencias.

➤ **Participantes**

- O alumnado de 6º de infantil.
- As aulas de primaria e de secundaria que o soliciten.

➤ **Actividades**

Curso / Valor	Contido Sesión 1	Contido Sesión 2 e optativa	Duración
---------------	------------------	-----------------------------	----------

Concello de Oleiros

<p>6º Ed. Infantil Obediencia</p>	<p>Observación das diferentes condutas e actitudes dos adultos. Recoñecemento dos elementos fundamentais do tráfico: rúa, beirarrúa, semáforos, vehículos, pasos de peóns, sinais básicas e zonas seguras. Cruzar unha rúa con seguridade acompañado por un/unha adulto/a. Comportamento axeitado como pasaxeiro de vehículo privado e público. SRI. O percorrido pola rúa e o camiño á escola. Os lugares seguros e como cruzar.</p>	<p>Obradoiro de habilidades con bici e iniciación para o alumnado</p>	<p>2 sesións de 50´</p>
<p>1º Ed. Primaria Prudencia</p>	<p>Partindo do entorno coñecido polo alumnado obsérvanse e diferencian as posibles formas de moverse na cidade, os tipos de vías, as partes da rúa e os elementos que esta presenta. Inclúe xogos de observación e pintura. Ficha de erros como peóns.</p>	<p>Obradoiro de habilidades con bici e iniciación para o alumnado</p>	<p>2 sesións de 50´</p>
<p>2º Ed. Primaria Responsabilidade</p>	<p>A través de material multimedia, descubrimos hábitos e comportamentos seguros como pasaxeiro/a. Centrémonos no uso de Sistemas de Retención Infantil. Inclúe xogos de observación e pintura. Ficha de erros pasaxeiros.</p>	<p>Obradoiro de habilidades con bici e iniciación para o alumnado</p>	<p>2 sesións de 50´</p>
<p>3º Ed. Primaria Solidariedade</p>	<p>A través de comportamentos cotiás na mobilidade, analizando a exposición e percepción do risco. Introdúcese ao alumnado na realidade do índice de accidentes viarios e o rol da súa prevención.</p>	<p>Obradoiro de habilidades con bici e iniciación para o alumnado</p>	<p>2 sesións de 50´</p>
<p>4º Ed. Primaria Convivencia</p>	<p>Partindo dun vídeo sobre o cambio climático, preséntase a bicicleta como vehículo sostible e eficiente. Introdúcese o alumnado no uso seguro e os coñecementos técnicos precisos para o seu manexo.</p>	<p>Obradoiro de habilidades ciclistas e iniciación para o alumnado. Obradoiro de chapas (optativa)</p>	<p>3 sesións de 50´: 2 sesións + 1 optativa</p>
<p>5º Ed. Primaria Respecto</p>	<p>Indágase nos comportamentos e hábitos seguros como peóns para promover a autonomía do alumnado, a través da análise crítica e percepción do risco na súa contorna.</p>	<p>Obradoiro de habilidades con bici e iniciación para o alumnado. Obradoiro de detectives da mobilidade</p>	<p>3 sesións de 50´: 2 sesións + 1 optativa</p>

Concello de Oleiros

		(optativa)	
6º Ed. Primaria Tolerancia	Debátese en pequenos grupos sobre os hábitos de mobilidade en relación ao abuso do vehículo privado; e preséntase o autobús como forma de mobilidade sostible e eficiente na cidade.	Obradoiro de habilidades con bici e iniciación para o alumnado. Obradoiro “Movémonos en bici” (optativa)	3 sesións de 50’: 2 sesións + 1 optativa

Curso/ Valor	Contido Sesión 1	Contido Sesión 2 e 3	Duración
1º ESO Convivencia	Analizamos hábitos cotiás, estúdase a percepción e exposición ao risco e introdúcese o alumnado na realidade da accidentalidade viaria; así como a importancia da prevención como peón e pasaxeiro.	Análise de novas. Experimento Helena e o pescador: Valores. “Mobilidade unha tarefa de toma de decisións”	3 sesións de 50’
2º ESO Respecto	Reflexionamos e descubrimos hábitos de vida respectuosos co medio ambiente e seguros como condutor/a de bicicleta.	Habilidades en bici: En dúas sesións prácticas desenvolvemos destrezas e boas prácticas para circular en bicicleta de forma segura	3 sesións de 50’
3º ESO 1º FPB Prudencia	Reflexionamos e descubrimos hábitos de comportamentos seguros como persoas usuarias da vía.	Visionado de noticias Testemuñas	3 sesións de 50’
4º ESO 2º FPB Solidariedade	Reflexionamos e descubrimos hábitos de comportamento seguro como condutor/a de ciclomotor.	Análise de novas A árbore da vida: cando as vítimas están na túa familia	3 sesións de 50’
1º bacharelato Responsabilidade Coresponsabilidade	Analizamos as estratexias positivas para afrontar a influencia da contorna: amizades, grupos e incitacións.	Visionado de película Reflexión	3 sesións de 50’

Concello de Oleiros

2º bacharelato Asertividade	As distraccións favorecen o risco de accidente. Atención sempre!	Visión de vídeos- película. Reflexión	3 sesións de 50´
--------------------------------	--	---	------------------

2 Programa de reforzo escolar

2.1 PRAEMO, programa de reforzo e apoio escolar municipal

PRAEMO nace para reforzar as aprendizaxes desenvolvidas nas aulas, e para a promoción de hábitos e actitudes cara ao estudo, incidindo así na prevención do fracaso escolar e na prevención e redución do absentismo escolar.

PRAEMO, ten como finalidade favorecer a igualdade de oportunidades do alumnado pertencente a familias de baixo nivel socioeconómico, traballando co estudiantado participante as habilidades sociais e os valores, así como fortalecendo a súa personalidade.

➤ **Obxectivos xerais**

- Previr o fracaso escolar.
- Apoiar as familias na educación dos seus fillos fóra do horario escolar e ao alumnado, apoiado no avance e desenvolvemento dos seus estudos.
- Promover hábitos e técnicas de estudo, reforzando as aprendizaxes que se levan a cabo na escola.

➤ **Participantes**

Alumnado de primaria e secundaria.

➤ **Metodoloxía**

O programa apóiase en tres puntos fundamentais:

- Resposta educativa adaptada e individualizada.
- Prevención e intervención en condutas anti-educativas e antisociais.
- Prevención, control e seguimento do absentismo escolar.

➤ **Espazos físicos**

Concello de Oleiros

A actividade terá lugar nos seguintes lugares: Casa da Cultura de Perillo, Casa do Pobo de Nós, Centro Cívico de Santa Cruz, e Centro Social de Rialta.

As sesións terán lugar inicialmente os luns, martes, mércores, xoves e venres tanto para o alumnado de primaria como para o de secundaria.

3 Programación para as familias

3.1 Obradoiros para familias

O Concello pon a disposición das familias unha serie de obradoiros relacionados con diferentes temas. Para o curso escolar 2020-2021 os obradoiros ofertaranse arredor dos temas e programas ofertados aos centros de ensino:

➤ Educación en valores:

- Obradoiro de prevención das adiccións e a educación para a saúde
- Obradoiro de mediación
- Obradoiro de alimentación saudable
- Obradoiro de educación para a igualdade de xénero e a educación afectivo-sexual

5. Cadro resumo de programas e participantes

Participantes	Actividade
3º de infantil	➤ Hortas escolares
4º de infantil	➤ Coñecer Oleiros/ Contorna Oleiros: Santa Cristina e a ría, o castelo e a illa, lagoa de Mera e a contorna, Bosque dos Veciños de Bastiagueiro, Finca da Carballeira ➤ Hortas escolares
5º de infantil	➤ Coñecer Oleiros/ Contorna Oleiros: Santa Cristina e a ría, o castelo e a illa, lagoa de Mera e a contorna, Bosque dos Veciños de Bastiagueiro, Finca da Carballeira ➤ Mostras pedagóxicas das escolas municipais: <i>Agora, Música!</i> ➤ Hortas escolares
6º de infantil	➤ Coñecer Oleiros/ Contorna Oleiros: Santa Cristina e a ría, o castelo e a illa, lagoa de Mera e a contorna, Bosque dos Veciños de Bastiagueiro,

Concello de Oleiros

	<p>Finca da Carballeira</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Mostras pedagóxicas das escolas municipais: <i>Agora, Música!</i> ➤ Hortas escolares ➤ Educación viaria
1º e 2º de primaria	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Programa de formación en mediación para profesorado ➤ Aprendemos na natureza: Fragas do Eume ➤ Coñecer Oleiros/ Contorna Oleiros: Santa Cristina e a ría, o castelo e a illa, lagoa de Mera e a contorna, Bosque dos Veciños de Bastiagueiro, Finca da Carballeira ➤ XX Concertos Pedagóxicos Municipais ➤ Mostras pedagóxicas das escolas municipais: <i>Agora Música!</i> (só 1º EP), <i>Agora Danza! + Agora Teatro!</i> (ambos só 2º EP) ➤ Hortas escolares ➤ Educación viaria ➤ Programa de reforzo escolar Municipal , PRAEMO
3º e 4º de primaria	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Programa de formación en mediación para profesorado ➤ Aprendamos na Natureza: Fragas do Eume ➤ Coñecer Oleiros/ Contorna Oleiros: Finca da Carballeira, do doce ao salgado, Monumento Natural, Costa de Santa Cruz ➤ Mostras pedagóxicas das escolas municipais: <i>Agora, Danza! + Agora, Teatro!</i> ➤ XX Concertos Pedagóxicos Municipais ➤ Educación viaria ➤ Programa de reforzo escolar Municipal , PRAEMO
	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Programa de formación en mediación para profesorado e alumnado. ➤ Aprendamos na natureza: Serra do Courel ➤ Coñecer Oleiros/ Contorna Oleiros: Monumento Natural, Cecebre, Monte Xalo, Pazo de Mariñán e ría de Betanzos, a beira do Mero, Barrañán e a Fraga de Sisalde, e Oleiros desde A Coruña

Concello de Oleiros

<p>5º e 6º de primaria</p>	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Un día en Galicia: A Costa da Morte, Pontedeume dos Andrade, Lucas Augusti, A Terra Chá ➤ Mostras pedagóxicas das escolas municipais: <i>Agora, Danza! + Agora, Teatro!</i> ➤ (Nós)Queremos(nos) + Igualdade: educación afectivo-sexual e escola coeducativa ➤ XX Concertos Pedagóxicos Municipais ➤ PROMESA: Programa municipal de educación para a saúde e a prevención das adiccións ➤ Educación viaria ➤ Comida e saúde ➤ Programa de reforzo escolar Municipal , PRAEMO
<p>1º ESO</p>	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Programa de formación en mediación para profesorado e alumnado ➤ Comida e Saúde ➤ Educación viaria ➤ (Nós)Queremos(nos) + Igualdade: educación afectivo-sexual e escola coeducativa ➤ Mostras pedagóxicas das escolas municipais: <i>Agora, Danza! + Agora, Teatro!</i> ➤ Coñecer Oleiros/ Contorna Oleiros: Monumento Natural, Cecebre, Monte Xalo, Pazo de Mariñán e ría de Betanzos, a beira do Mero, Barrañán e a Fraga de Sisalde, e Oleiros desde A Coruña. ➤ Un día en Galicia: A Costa da Morte, Pontedeume dos Andrade, Lucas Augusti, A Terra Cha ➤ Aprendemos na natureza: Serra do Courel ➤ PROMESA: Programa municipal de educación para a saúde e a prevención das adiccións ➤ Programa de reforzo escolar Municipal , PRAEMO
	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Programa de formación en mediación para profesorado e alumnado ➤ Comida e saúde

Concello de Oleiros

<p>2º ESO</p>	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Educación viaria ➤ (Nós)Queremos(nos) + Igualdade: educación afectivo-sexual e escola coeducativa ➤ Coñecer Oleiros/ Contorna Oleiros: Monumento Natural, Cecebre, Monte Xalo, Pazo de Mariñán e ría de Betanzos, a beira do Mero, Barrañán e a Fraga de Sisalde, e Oleiros desde A Coruña ➤ Un día en Galicia: A Costa da Morte, Pontedeume dos Andrade, Lucus Augusti, A Terra Cha ➤ Aprendemos na natureza: Serra do Courel ➤ Mostras pedagóxicas das escolas municipais: <i>Agora, Danza! + Agora, Teatro!</i> ➤ PROMESA: Programa municipal de educación para a saúde e a <u>prevención</u> das adiccións ➤ Programa de reforzo escolar Municipal , PRAEMO
<p>3º ESO</p>	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Programa de formación en mediación para profesorado e alumnado ➤ PROMESA: Programa municipal de educación para a saúde e a <u>prevención</u> das adiccións. ➤ Educación viaria ➤ (Nós)Queremos(nos) + Igualdade: educación afectivo-sexual e escola coeducativa ➤ Coñecer Oleiros/ Contorna Oleiros: Monumento Natural, Cecebre, Monte Xalo, Pazo de Mariñán e ría de Betanzos, a beira do Mero, Barrañán e a Fraga de Sisalde, e Oleiros desde A Coruña ➤ Aprendemos na natureza: Serra do Courel ➤ Un día en Galicia: A Costa da Morte, Pontedeume dos Andrade, Lucus Augusti, A Terra Chá ➤ Mostras pedagóxicas das escolas municipais: <i>Agora, Danza! + Agora, Teatro!</i> ➤ Programa de reforzo escolar Municipal, PRAEMO
	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Programa de formación en mediación para profesorado e alumnado

Concello de Oleiros

<p>4º ESO</p>	<ul style="list-style-type: none"> ➤ PROMESA: Programa municipal de educación para a saúde e a <u>prevención</u> das adiccións ➤ Educación viaria ➤ (Nós)Queremos(nos) + Igualdade: educación afectivo sexual e escola coeducativa ➤ Coñecer Oleiros/ Contorna Oleiros: Monumento Natural, Cecebre, Monte Xalo, Pazo de Mariñán e ría de Betanzos, a beira do Mero, Barrañán e a Fraga de Sisalde, e Oleiros desde A Coruña. ➤ Un día en Galicia: A Costa da Morte, Pontedeume dos Andrade, Lucus Augusti, A Terra Cha ➤ Aprendemos na natureza: Serra do Courel ➤ Mostras pedagóxicas das escolas municipais: <i>Agora, Danza! + Agora, Teatro!</i> ➤ Programa de reforzo escolar Municipal, PRAEMO
<p>1º bacharelato</p>	<ul style="list-style-type: none"> ➤ PROMESA: Programa municipal de educación para a saúde e a <u>prevención</u> das adiccións ➤ Programa de formación en mediación para profesorado e alumnado ➤ Educación viaria ➤ (Nós)Queremos(nos) + Igualdade: educación afectivo sexual e escola coeducativa ➤ Coñecer Oleiros/ Contorna Oleiros: Monumento Natural, Cecebre, Monte Xalo, Pazo de Mariñán e ría de Betanzos, a beira do Mero, Barrañán e a Fraga de Sisalde, e Oleiros desde A Coruña. ➤ Un día en Galicia: A Costa da Morte, Pontedeume dos Andrade, Lucus Augusti, A Terra Cha ➤ Aprendemos na natureza: Serra do Courel ➤ Mostras pedagóxicas das escolas municipais: <i>Agora, Danza! + Agora, Teatro!</i> ➤ Programa de reforzo escolar Municipal, PRAEMO
	<ul style="list-style-type: none"> ➤ PROMESA: Programa municipal de educación para a saúde e a

Concello de Oleiros

2º bacharelato	<p><u>prevención</u> das adicións</p> <ul style="list-style-type: none">➤ Programa de formación en mediación para profesorado e alumnado➤ Educación viaria➤ (Nós)Queremos(nos) + Igualdade: educación afectivo sexual e escola coeducativa➤ Coñecer Oleiros/ Contorna Oleiros: Monumento Natural, Cecebre, Monte Xalo, Pazo de Mariñán e ría de Betanzos, a beira do Mero, Barrañán e a Fraga de Sisalde, e Oleiros desde A Coruña➤ Un día en Galicia: A Costa da Morte, Pontedeume dos Andrade, Lucus Augusti, A Terra Cha➤ Aprendemos na natureza: Serra do Courel➤ Mostras pedagóxicas das escolas municipais: <i>Agora, Danza!</i> + <i>Agora, Teatro!</i>➤ Programa de reforzo escolar Municipal , PRAEMO
Familias	<ul style="list-style-type: none">➤ Obradoiros sobre Educación en valores:<ul style="list-style-type: none">▪ Obradoiro de educación para a saúde e a prevención das adicións▪ Obradoiro de mediación▪ Obradoiro de alimentación saudable▪ Obradoiro de educación para a igualdade de xénero e a educación afectivo-sexual